



PLAN DIXITAL DE CENTRO

CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE

XUÑO 2022

ÍNDICE DO PLAN DIXITAL

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. SITUACIÓN DE PARTIDA

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. PLAN DE ACCIÓN

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. AVALIACIÓN DO PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. DIFUSIÓN DO PD

1. INTRODUCCIÓN:

1.1. Datos básicos do centro:

- **NOME DO CENTRO:** CEIP Mosteiro-Bembrive
- **CÓDIGO DO CENTRO:** 36009998
- **DIRECCIÓN:** Estrada de Bembrive, 161 (CP. 36214), Vigo
- **TELÉFONOS DE CONTACTO:**
 - Dirección: 886120217
 - Secretaría: 886120216
 - Departamento de Orientación: 886120219
- **CORREO ELECTRÓNICO:** ceip.mosteiro.bembrive@edu.xunta.gal
- **PÁXINA WEB:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmosteirobembrive/>
- **ETAPAS EDUCATIVAS:** Educación Infantil e Educación Primaria
- **NÚMERO DE ALUMNADO:** 198 alumnos/as

ETAPA	NIVEL	ALUMNADO
EDUCACIÓN INFANTIL	4º INFANTIL	15 nenos/as
	5º INFANTIL	20 nenos/as
	6º INFANTIL	24 nenos/as
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º PRIMARIA	17 nenos/as
	2ª PRIMARIA	14 nenos/as
	2ºB PRIMARIA	13 nenos/as
	3º PRIMARIA	21 nenos/as
	4º PRIMARIA	25 nenos/as
	5º PRIMARIA	25 nenos/as
	6ª PRIMARIA	9 nenos/as
	6ºB PRIMARIA	15 nenos/as

- **NÚMERO DE PROFESORADO:** 22 mestres/as

ETAPA OU ESPECIALIDADE	PROFESORADO
EDUCACIÓN INFANTIL	4 mestras
EDUCACIÓN PRIMARIA	8 mestres/as
EDUCACIÓN MUSICAL	1 especialista
LINGUA ESTRANXEIRA	2 especialista en lingua inglesa e 1 especialista en lingua francesa
ORIENTACIÓN	1 orientadora
ESPECIALISTA PT	1 especialista
ESPECIALISTA AL	1 especialista

RELIXIÓN CATÓLICA	1 mestra
EDUCACIÓN FÍSICA	1 especialista
OUTROS	1 mestre vinculado ao programa ARCO

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do

Centro:

O CEIP Mosteiro-Bembrive constitúe un centro público de Educación Infantil e Primaria pertencente ao Concello de Vigo, emprazado na Entidade Local Menor de Bembrive, atopándose así nunha contorna mixta rural-urbana. Dito aspecto favorece que o alumnado poida nutrirse tanto da poboación próxima de Bembrive, na que se conservan aínda estruturas socioeconómicas de tipo mixto, como da poboación integramente urbana do casco urbano de Vigo, xerando unha maior riqueza de oportunidades para os nenos e nenas, que teñen na súa variedade unha das maiores vantaxes educativas.

Cómpre sinalar que a meirande parte do alumnado provén de familias cun nivel sociocultural medio-alto, contando cunha comunidade educativa activa e participativa e unha ANPA que desenvolve un importante papel na vida do centro, aspectos que contribúen de xeito positivo á convivencia e á actividade cotiá no centro.

As Novas tecnoloxías da información e da comunicación forman parte da nosa cultura e forma de vida, sendo cada día maior a súa presenza na sociedade, polo que a escola non pode quedarse ao marxe desta realidade comunicacional na que os nenos e nenas se desenvolven na súa vida cotiá. Nesta liña, o **PLAN DIXITAL** adquire unha relevancia esencial no desenvolvemento do proceso educativo no noso centro, poñendo de manifesta a relevancia deste conxunto de ferramentas relacionadas coa transmisión, almacenamento, procesamento e manipulación dixitalizada de información e contidos educativos, que estimulan e incrementan a calidade do proceso de ensino e aprendizaxe, residindo neles un alto valor educativo aproveitable desde todas as materias, áreas e niveis educativos. Por tal motivo, este Plan Dixital converterase nun aspecto moi relevante dentro do Proxecto Educativo do centro e da Programación Xeral Anual, contribuíndo ao desenvolvemento de diversos **plans e proxectos do centro**, como son: Plan Xeral de Atención á diversidade, o Plan de Convivencia, o Plan de comunicación, o Proxecto lingüístico e o Plan de potenciación da lingua galega, o Proxecto lector e o Plan anual de

lectura, resaltando ademais que potenciará directamente o Plan de educación dixital do centro, supoñendo un impulso para a implementación das NTIC no traballo diario no centro.

Concretamente, desde o centro considerase fundamental promover todas aquelas actuacións de formación e capacitación na competencia dixital de alumnado, profesorado e familias, aportando deste xeito unha mellora significativa para o desenvolvemento sociocultural da comunidade educativa. É por iso que actualmente participamos nunha serie de **iniciativas no ámbito das Novas Tecnoloxías** que contribúen á adquisición dos obxectivos establecidos na Programación Xeral Anual:

- *Participación no programa E-Dixgal en 5º e 6º de Educación primaria.*
- *Participación no programa Snappet en 4º de Educación primaria.*
- *Solicitud de participación no programa Polos creativos o vindeiro curso.*
- *Creación dun aula STEAM no centro con multitude de recursos dixitais a disposición do equipo docente e do alumnado.*
- *Traballo cotiá coa plataforma da aula virtual do centro.*

1.3. Breve xustificación do mesmo:

O Plan Dixital do centro se enmarca dentro do actual **marco normativo e legislativo** vixente. Seguindo así un orde de maior a menor rango, queda rexido polas seguintes leis:

- *A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, especifican que:*
 - *Se debe promover o uso das TIC como medio didáctico tratando de contribuír a minimizar os efectos da fenda dixital por xénero ou outros aspectos socioculturais. (art.111 bis)*
 - *Tamén incide en fomentar a confianza e a seguridade no uso das tecnoloxías, prestando especial atención ás situacións de violencia na rede e observando o respecto á normativa reguladora da información dixital e os dereitos de propiedade intelectual ademais de concienciar sobre o respecto dos dereitos de terceiros.*

- O acceso ás novas tecnoloxías basearase nos principios de non discriminación impulsando un compromiso educativo entre familias e centro e neste contexto, deben atender á diversidade propoñendo modelos de programación e materiais accesibles. (art.121)

- Para estes fins, a dirección do centro dirixirá, promoverá e coordinará a innovación educativa (art.132)

- Neste marco legislativo nacional, a Comunidade Autónoma de Galicia publicou a *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*. Nesta normativa autonómica se regula a elaboración por parte dos centros docentes durante o curso 2021/22 do plan dixital. (Disposición adicional quinta)
- Por último, a *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*, establece que a coordinación do plan dixital será realizado polo equipo de dinamización do Plan Dixital formado pola persoa directora do centro e outra persoa do claustro, que no caso do noso centro é a persoa coordinadora do equipo TIC.

1.4. Proceso de elaboración:

Para a elaboración do Plan Dixital, o equipo de Dinamización do Plan TIC do centro organizouse de xeito que o traballo quedara organizado en **tres ámbitos** fundamentais, tal como establecen as instrucións recollidas na *Resolución do 3 de setembro de 2021*:

- *Análise do punto de partida do centro*, por medio de dous instrumentos:
 - Informe SELFIE, con aportacións de equipo directivo, alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e todo o profesorado do centro.
 - Test CDD, realizado por todo o profesorado do centro.
- *Diagnose da situación o centro*, por medio da realización do Informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO), elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

- Elaboración do Plan Dixital, partindo do deseño do Plan de acción e a elaboración do Plan Dixital, por parte do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

Establecidos ditos ámbitos de traballo, analizáronse de xeito conxunto, aportando a información e os datos considerados como necesarios para cumprimentar cada un deles, realizando un traballo de reflexión e recollida de datos conxunto e colaborativo. Tras isto, cada un dos membros encargouse de plasmar por escrito os aspectos relevantes referidos a un destes ámbitos, para despois facer unha posta en común e recoller o produto final de xeito consensuado.

2. SITUACIÓN DE PARTIDA:

2.1. Infraestrutura e equipamento:

Como establece a normativa regulada no *Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do 2º ciclo de EI, EP e ESO*, na actualidade dos centros educativos deriva a necesidade de que todos os espazos do centro teñan acceso ás NTIC, para así favorecer a responsabilidade docente de programar actuacións dirixidas ao fomento do emprego das NTIC entre o alumnado, actuacións que quedan articuladas neste Plan Dixital, articulando os recursos dixitais como un recurso máis da aula e favorecendo o seu tratamento sistemático nas diversas etapas e niveis educativos. Actualmente, o centro dispón dunha infraestrutura dixital de datos cableada e sen fíos que resulta pouco operativa, presentando dificultades de conexión e de traballo en rede de xeito moi habitual, o que orixina descontento entre o equipo docente e falta de motivación entre o alumnado, e conta ademais de infraestrutura de telefonía. Por outra banda, no que se refire á xestión e mantemento do equipamento dixital do centro, cómpre sinalar que é levada a cabo polo equipo directivo e o Equipo de Dinamización das TIC do centro, contando co mantemento dos equipos facilitados pola administración por parte da Unidade de Atención a Centros (UAC). No que respecta aos equipos mercados polo centro, o seu mantemento corre a cargo dun servizo externo contratado polo mesmo.

Especificando o **equipamento dixital dispoñible** na actualidade contamos con:

AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	TABLET	PDI	PROXECTOR /CANÓN	OUTROS
BIBLIOTECA	3	1	0	0	1	impresora
4º INFANTIL	1	1	0	0	1	altofalantes
5º INFANTIL	0	1	0	0	1	altofalantes
6º INFANTIL	0	1	0	1	1	altofalantes
1º PRIMARIA	0	1	0	1	1	altofalantes
2ºA PRIMARIA	0	1	0	1	1	altofalantes
2ºB PRIMARIA	0	1	0	1	1	altofalantes
3º PRIMARIA	0	1	0	1	1	altofalantes
4º PRIMARIA	1	0	25 Snappet	1	1	altofalantes
5º PRIMARIA	0	1 25 E-Dixgal	0	1	1	altofalantes
6ºA PRIMARIA	0	1 9 E-Dixgal	0	1	1	altofalantes
6ºB PRIMARIA	0	1 14 E-Dixgal	0	1	1	altofalantes
ORIENTACIÓN	0	1	0	0	0	altofalantes impresora
MÚSICA	0	1	0	0	1	altofalantes
INGLÉS	0	1	0	0	1	altofalantes
RELIXIÓN	0	1	0	0	1	altofalantes
AL	1	0	0	0	0	altofalantes
PT	1	0	0	0	0	altofalantes
SALA DE MESTRES	0	2	1	1	1	fotocopiadora escaner cámara de fotos
SECRETARÍA E XEFATURA	0	2	0	0	0	fotocopiadora escaner megafonía
DIRECCIÓN	0	1	0	0	0	impresora
AULA STEAM	5	1	10	1	1	1 impresora 3d 8 robots 1 impresora wifi
RADIO	0	0	0	0	0	5 micrófonos 4 auriculares

LEENDA:

Verde: BO ESTADO

Amarelo: OBSOLETO

Vermello: MAL ESTADO

Nesta liña, un dos **obxectivos primordiais** do proxecto de dirección é a creación dun espazo no centro no que o alumnado poda traballar de xeito directo e activo con multitude de recursos dixitais, posto que considérase fundamental incentivar e promover a educación dixital do alumnado, perseguindo a súa alfabetización dixital, capacitándoos para desenvolver un proceso de aprendizaxe integral, enriquecedor e de calidade, proporcionándolles por medio da creación dunha **aula STEAM** diversidade de experiencias dixitais que estimulen o seguimento dun proceso de aprendizaxe dixital, autónomo e creativo.

2.2. Servizos dixitais educativos:

Por outra banda, no que se refire aos **servizos dixitais educativos**, o centro traballa de xeito continuado cunha serie de servizos corporativos e non corporativos.

- ◆ **SERVIZOS CORPORATIVOS**, como son a páxina web do centro, a plataforma da aula virtual, o correo electrónico corporativo, o servizo de *Abalarmóbil* e o servizo de videoconferencia *CiscoWebex*.
- ◆ **SERVIZOS NON CORPORATIVOS**, como son os blogues e as redes sociais do centro, creados coa finalidade de establecer un canle de comunicación continuado e constante coas familias, cumprindo as disposicións do Plan de Comunicación.

2.3. Fontes empregadas para a análise DAFO:

Para elaborar o análise DAFO realizouse unha análise cuantitativa baseada nos resultados numéricos derivados do informe extraído do test SELFIE e do test CDD. Así, observando o resumo das áreas, os distintos sectores da comunidade escolar que realizaron o test obtiveron os resultados que se reflicten na seguinte táboa:

TÁBOA 1. PUNTUACIÓN OBTIDA POR CADA SECTOR DA COMUNIDADE ESCOLAR NAS DIVERSAS ÁREAS SELFIE:

AREAS	GRUPOS	RESULTADOS ENSEÑANZAS DE INFANTIL E PRIMARIA
A -Liderazgo	Equipo Directivo	2.6
	Profesorado	3.6
	Alumnado	

B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2.2
	Profesorado	2.6
	Alumnado	3.3
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Directivo	2.9
	Profesorado	3
	Alumnado	4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3.7
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3
	Profesorado	3.7
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	2
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	1.9
	Profesorado	2.3
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	2.2
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.8

TÁBOA 1.3. PARTICIPACIÓN NO TEST CDD SEGUNDO PERFIL DO PROFESORADO:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	16	87'5%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO	0	2	0%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	3	4	75%

TÁBOA 2.1. DATOS DO TEST CDD SOBRE PUNTUACIÓN E NIVEL DE COMPETENCIA DO CENTRO:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75'9	Integrador/a (B1)	76'4	Integrador/a (B1)

TÁBOA 2.2. DATOS DO TEST CDD SOBRE PUNTUACIÓN E NIVEL DE COMPETENCIA POR ETAPAS:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	89´7	Integrador/a (B1)	62´8	Integrador/a (B1)
Primaria	80´5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

TÁBOA 2.3. DATOS DO TEST CDD SOBRE DISTRIBUCIÓN DE PROFESORADO POR NIVEIS:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante A1	1	5,3%
Explorador/a A2	10	52,6%
Integrador/A B1	4	21,1%
Experto/a B2	1	5,3%
Lider C1	3	15,8%
TOTAL	19	100,10%

2.4. Análise DAFO:

A partir do Informe SELFIE, do Test CDD e doutras fontes, o centro realizou un **análise DAFO** que permite coñecer a súa realidade no eido dixital, facilitando ao mesmo tempo a elaboración das liñas fundamentais deste Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Nesta liña, levouse a cabo unha parametrización partindo da media obtida en cada unha das áreas e clasificáronse os aspectos internos dos diferentes ítems como fortalezas ou debilidades, e os aspectos externos como oportunidades ou ameazas, como se recolle na seguinte táboa:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C8. No noso centro hai ordenadores ou tabletas que pode utilizar. C3. No noso centro teño acceso a internet para os meus estudos. C10. No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.	
	PERSOAL DOCENTE	D1. Comentamos co profesorado sobre as súas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías	G3. Non emprego as tecnoloxías dixitais para proporcionar unha Retroalimentación adecuada aos

		<p>dixitais.</p> <p>D2. O noso profesorado ten acceso a posibilidades de CPD en relación co ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>E1. Busco recursos educativos dixitais en internet. E1.</p> <p>E2. Creo recursos dixitais para reforzar o meu método de ensino.</p> <p>E3. Utilizo ambientes virtuais de aprendizaxe cos alumnos.</p> <p>E4. Utilizo as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionadas co centro.</p>	<p>estudantes.</p> <p>G5. Non utilizo as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre A súa aprendizaxe.</p> <p>G8. Os nosos profesores non facilitan aos estudantes o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe.</p> <p>B3. No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións.</p> <p>F1. Non utilizo as tecnoloxías dixitais para adaptar o meu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p> <p>F3. Non utilizo as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado.</p> <p>F6. Non fomento a participación do alumnado en proxectos.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>H7. No noso centro aprendo a actuar con responsabilidade e a Respetar aos demais cando uso internet.</p>	<p>H9. No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.</p> <p>F5. No noso centro non empregamos a tecnoloxía para traballar en grupo.</p>
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A2. O equipo directivo implica ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.</p>	<p>C14. Os espazos físicos no centro non facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p>
	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> • Posibilidade de participar nun PFPP de liña dixital. • Posibilidade de formación relacionada co uso das NTIC. 	
	LEXISLACIÓN	<p>C7. No noso centro existen sistemas de protección de datos.</p>	<p>A5 OP. No noso centro non temos acadadas aínda as normas sobre o dereito de autor e licencias de uso.</p>
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. PLAN DE ACCIÓN:

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles no momento de elaboración do presente Plan Dixital. O Plan de Acción que se expón a continuación supón unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles na actualidade tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións:

Analizado o DAFO, queda patente a necesidade de implementar unha serie de actuacións no centro dirixidas principalmente a potenciar a alfabetización dixital do profesorado e do alumnado, habilitando a toda a comunidade educativa a traballar de xeito dixital de xeito cada vez máis autónomo e enriquecedor. Nesta liña, se recollen a continuación unha serie de obxectivos con carácter xeral que se establecen para os vindeiros cursos escolares, priorizando as necesidades detectadas nas diversas áreas do marco europeo para organizacións educativas dixitalmente competentes (DigCompOrg):

ORDE	ÍTEMS	ÁREAS
1º	A2. Estratexia dixital do centro	A. LIDERAZGO
	A4. Tempo para explorar o ensino dixital	
2º	B1. Avaliación do progreso	B. COLABORACIÓN E REDES
3º	C1. Infraestrutura	C. INFRAESTRUTURA E EQUIPOS
	C2. Dispositivos dixitais para a docencia	
	C3. Acceso a Internet	
	C8. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe	
4º	D1. Necesidades de formación para o profesorado en relación ao ensino coas tecnoloxías dixitais	D. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO
5º	E2. Creación de recursos educativos	E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS
	E3. Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe	
6º	F3. Fomento da creatividade	F. PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA
	F5. Colaboración entre o alumnado	
	F6. Proxectos interdisciplinares	
7º	G3. Retroalimentación adecuada	G. PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN
	G5. Autorreflexión sobre a aprendizaxe	
8º	H7. Creación de contidos dixitais	H. COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO

A partires desta reflexión se redactaron os seguintes **obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal**, é dicir, temporizados (en adiante obxectivos SMART) prioritarios:

- *Acadar a competencia dixital do profesorado para mellorar a proposta pedagóxica co aproveitamento das posibilidades que ofertas as NTIC.*
- *Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo das NTIC.*
- *Crear un espazo físico para facilitar o acceso ás ferramentas TIC por parte do alumnado.*
- *Empregar as ferramentas TIC como medio para crear e integrar contidos educativos, de cooperación e de expresión das propias ideas.*
- *Utilizar programas e contornas dixitais que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.*
- *Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento por medio de proxectos dixitais manipulativos e estimular a súa capacitación no tratamento da información e competencia dixital.*

Nas seguintes táboas atópanse secuenciadas as **accións para acadar cada obxectivo**, os valores de partida e o valor previsto a acadar no tempo marcado:

TÁBOA PARA CADA OBXECTIVO DO PLAN DE ACCIÓN

Área/s de mellora: F. PEDAGOXÍA. IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
OBXECTIVO 1: (1)	Fomentar o emprego de recursos dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe cotiá por parte do alumnado e do profesorado				Acadado	
Responsable:	Equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% do alumnado que emprega recursos e materiais dixitais					
Valor de partida: (3)	25% do alumnado fai uso de recursos dixitais					
Valor previsto e data: (4)	75% do alumnado que empregou recursos dixitais			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un espazo que permita ao alumnado interactuar de xeito activo cos recursos dixitais	Equipo directivo	30/09/22	Aula STEAM Recursos dixitais Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaborar un rexistro dos espazos e recursos adquiridos e aqueles aspectos que quedan pendentes de obter	Equipo TIC	30/03/23	Inventario Rexistro de asistencia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Plantexar propostas e experiencias didácticas interdisciplinares que integren o emprego dos recursos dixitais e favorezan a colaboración entre o alumnado	Equipo TIC e equipo docente	21/12/22	Asesoramento do equipo TIC Decreto de currículo Banco de proposta de tarefas Aula virtual Material dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

TÁBOA DO PLAN DE ACCIÓN DO PLAN DIXITAL DE CENTRO PARA CADA OBXECTIVO

Área/s de mellora: G. PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN						
OBXECTIVO 2: (1)	Facer emprego dos recursos dixitais para proporcionar unha dimensión avaliativa ao proceso educativo				Acadado	
Responsable:	Equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de recursos dixitais empregados para desenvolver o proceso de avaliación educativa					
Valor de partida: (3)	0 recursos dixitais empregados para avaliar					
Valor previsto e data: (4)	5 recursos dixitais empregados para avaliar			30/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Organizar actividades e sesións formativas	Equipo TIC	30/09/22	Equipo de asistencia dixital Servizos de formación. CFR Equipo TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Colaborar para crear ferramentas avaliativas dixitais e experimentar con elas	Equipo docente	21/12/22	Equipo docente Dispositivos electrónicos Banco de recursos dixitais E-Dixgal Espazo Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Empregar recursos TIC para a estimulación da capacidade reflexiva e avaliativa do alumnado	Equipo docente	30/06/23	E-Dixgal Diana de avaliación Aula virtual Ferramentas dixitais colaborativas Dispositivos electrónicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

TÁBOA DO PLAN DE ACCIÓN DO PLAN DIXITAL DE CENTRO PARA CADA OBXECTIVO

Área/s de mellora: C. INFRAESTRUTURAS. EQUIPAMENTOS, INSTALACIÓNS E CONECTIVIDADE						
OBXECTIVO 3: (1)	Actualizar e renovar os dispositivos dixitais do centro para facilitar o acceso e traballo con este tipo de recursos				Acadado	
Responsable:	Equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de equipos dixitais dispoñibles no centro					
Valor de partida: (3)	79 equipos dixitais para o traballo autónomo do alumnado					
Valor previsto e data: (4)	100 equipos dixitais para o traballo autónomo do alumnado			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Solicitar equipos e recursos dixitais que permitan o traballo con tecnoloxía no centro	Equipo directivo	30/09/22	Consellería de Educación CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Participar en programas e iniciativas para favorecer a adquisición de recursos dixitais para o centro	Equipo docente	30/06/23	Iniciativas Contratos-Programa E-Dixgal Snappet PLAMBE/Plan LÍA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Crear un espazo no centro que impulse o acceso ao traballo cos recursos TIC	Equipo TIC	21/12/22	aula STEAM Recursos dixitais Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

TÁBOA DO PLAN DE ACCIÓN DO PLAN DIXITAL DE CENTRO PARA CADA OBXECTIVO

Área/s de mellora: C. INFRAESTRUTURAS. EQUIPAMENTOS, INSTALACIÓNS E CONECTIVIDADE						
OBXECTIVO 4: (1)	Actualizar os recursos do centro para desenvolver a proposta interdisciplinar dos Polos creativos.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de equipos dixitais dispoñibles no centro					
Valor de partida: (3)	0 equipos dixitais para o traballo nesta iniciativa					
Valor previsto e data: (4)	18 equipos dixitais para o traballo autónomo do alumnado			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Solicitar os dispositivos dixitais necesarios para desenvolver a iniciativa dos Polos creativos.	Equipo directivo	20/05/22	Consellería de Educación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Participar en programas e iniciativas para favorecer a adquisición de recursos dixitais para o centro	Equipo docente	30/06/23	Iniciativa: Programas educativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Adquirir os dispositivos dixitais necesarios para participar na iniciativa dos Polos creativos.	Equipo TIC	30/09/22	Recursos dixitais e tecnolóxicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas:

Establecidos os obxectivos xerais deste Plan Dixital, recóllense a continuación as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas necesarias para o acadamento de ditos obxectivos. Clarificar que para a clasificación por categorías e tipo tomáronse como referencia as indicacións establecidas no documento proporcionado polos Servizos Centrais a través do taboleiro de anuncios da Aula Virtual do equipo ADIX Vigo 1, coas recomendacións de AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital:

NECESIDADES DE EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS			
DOTACIÓN	ORIXE	NECESIDADE	FINALIDADE
<i>Dispositivos na biblioteca</i>	Dispoñemos de poucos ordenadores como ferramentas de consulta para o alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> • 3 ordenadores para consulta do alumnado. 	Dinamizar o traballo na biblioteca
Equipamento para o traballo docente	Precisamos máis ferramentas de acceso para o traballo de programación docente.	Dispositivos de traballo para a creación de repositorios por parte do profesorado. <ul style="list-style-type: none"> • 2 ordenadores • 2 tablets 	Estimular o emprego dos recursos TIC no proceso de ensino e aprendizaxe
<i>Equipos para para o Plan Polos Creativos</i>	Adquisición de dispositivos dixitais para a participación neste programa.	Audiovisual: <ul style="list-style-type: none"> • 1 Sistema de gravación de radio • 4 micrófonos inalámbricos • 4 altofalantes • 2 croma • 2 gafas de Realidade aumentada 	Actualizar os recursos do centro para desenvolver propostas colaborativas e interdisciplinares
		Informática: <ul style="list-style-type: none"> • 2 taboleiros interactivos • 1 encerado dixital interactivo • 1 impresora multifunción • 1 escaner 	
SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS			
<i>Corporativos</i>	Plataforma de almacenamento de datos de xeito efectivo.	Creación de conta Ageuero	Plataforma onde almacenar contidos dixitais
<i>Non corporativos</i>	Plataformas de traballo colaborativo.	Registro de contas para o traballo na creación de contidos dixitais: Canva, Genially, Liveworksheet...	Crear contidos dixitais interactivos

Recóllese ademais, a continuación, unha táboa na que se especifican concretamente as **necesidades de cada espazo do centro**:

ESPAZO	NECESIDADES CONCRETAS
Aulas de Infantil	2 Encerados dixitais interactivos 3 Canóns
BIBLIOTECA	1 Encerado dixital interactivo 1 Canón 2 ordenadores de consulta
Aula de música	1 Encerado dixital interactivo 1 Canón
Aula de inglés	1 Encerado dixital interactivo 1 Canón
Aula de relixión	1 Encerado dixital interactivo 1 Canón
Aulas de PT e AL	2 Encerados dixitais interactivos 2 Canóns 2 ordenadores portátiles
SALA DE MESTRES	2 ordenadores de traballo 3 dispositivos de traballo (tablets)
<i>AULA STEAM</i>	1 Taboleiro dixital interactivo 2 ordenadores portátiles 1 Impresora multifunción
Outros recursos	Sistema de gravación de radio Micrófonos inalámbricos Croma Gafas de realidade aumentada

4. AVALIACIÓN DO PLAN:

Cómpre sinalar que o procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan dixital e da consecución dos obxectivos levarase a cabo tendo como referente os valores previstos para os indicadores dos obxectivos establecidos. Avaliarase tanto o proceso, como a consecución do obxectivo ao final do propio proceso, e polo tanto, estableceranse **dous tipos de avaliación**:

- **AVALIACIÓN PROCESUAL.** Realizarase ao final de cada trimestre e incluírá a avaliación de aspectos como:
 - O estado da execución das accións.
 - A análise e valoración dos resultados.

- Posibles modificacións das accións (e os motivos).
- Propostas de mellora.
- **AVALIACIÓN FINAL.** Realizarase a final de curso e incluírá a valoración do logro dos obxectivos propostos e as propostas de mellora.

Para o desenvolvemento de dito proceso de avaliación, establécense as seguintes táboas que favorecen a comprobación e valoración da consecución dos obxectivos unha vez rematado o prazo para o que foi prevista a adquisición dos obxectivos propostos:

AVALIACIÓN CONTINUA					
	Con éxito	Con éxito modificando a planificación inicial	Sen éxito	Non se levou a cabo	TRIMESTRE
A01.1: Crear un espazo que permita ao alumnado interactuar de xeito activo cos recursos dixitais					
A01.2: Elaborar un rexistro dos espazos e recursos adquiridos e aqueles aspectos que quedan pendentes de obter					
A01.3: Plantexar propostas e experiencias didácticas interdisciplinares que integren o emprego dos recursos dixitais e favorezan a colaboración entre o alumnado					
A02.1: Organizar actividades e sesións formativas					
A02.2: Colaborar para crear ferramentas avaliativas dixitais e experimentar con elas					
A02.3: Empregar recursos TIC para a estimulación da capacidade reflexiva e avaliativa do alumnado					
A03.1: Solicitar equipos e recursos dixitais que permitan o traballo con tecnoloxía no centro					
A03.2: Participar en programas e iniciativas para favorecer a adquisición de recursos dixitais para o centro					
A03.3: Crear un espazo no centro que impulse o acceso ao traballo cos recursos TIC					

AVALIACIÓN FINAL					
OBXECTIVO	VALOR PREVISTO	REALIZADA	APRAZADA	PENDENTE	OBSERVACIÓNS
OBXECTIVO 1. <i>Fomentar o emprego de recursos dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe cotiá por parte do alumnado e profesorado.</i>	75% do alumnado empregou recursos dixitais				
OBXECTIVO 2. <i>Facer emprego dos recursos dixitais para proporcionar unha dimensión avaliativa ao proceso educativo.</i>	5 recursos dixitais empregados para avaliar				
OBXECTIVO 3. <i>Actualizar e renovar os dispositivos dixitais do centro para facilitar o acceso e traballo con este tipo de recursos.</i>	100 equipos dixitais para o traballo autónomo do alumnado				

5. DIFUSIÓN DO PLAN:

Unha vez presentado e aprobado o Plan Dixital os seus contidos serán dados a coñecer á comunidade educativa a través dos medios dos que dispón o centro, cumprindo coas indicacións e criterios de comunicación establecidos no Plan de Comunicación do centro:

- A través da labor dos **órganos unipersoais e colexiados** do centro e doutros medios. No Claustro, Consello Escolar, Comisións de pais e nais, Equipos de traballo, Representantes da ANPA, etc. pódese informar sobre o plan de actuacións para que chegue ao coñecemento de toda a comunidade educativa.
- A través de **diversas plataformas** para que a información poida ser compartida nos fogares.
 - Páxina web (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmosteirobembrive/>)

- Redes sociais: Facebook: <https://www.facebook.com/profile.php?id=100057153231724>, e Instagram: <https://www.instagram.com/ceipmosteirobembrive/>)
- Blogues (enlazados desde a web do centro).

- A través do labor das **titorías**, como parte da comunicación habitual que manteñen os titores coas familias. Entre as outras informacións compartidas, tanto nas reunións iniciais como nas previstas ao longo do curso, poderán engadirse as referidas aos contidos e experiencias sobre as TIC que se realizan na aula e no centro.

PROTOCOLO OU ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL			
ACCIÓN	DESTINATARIOS	CANLE	RESPONSABLE
Difusión ao equipo docente	Claustro de mestres	<ul style="list-style-type: none"> • Comisión de Coordinación Pedagóxica • Reunión TIC • Claustro 	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinador TIC • Equipo de dinamización do Plan Dixital
Difusión á comunidade educativa	Comunidade educativa	<ul style="list-style-type: none"> • Inclusión no Proxecto educativo • Difusión na web do centro 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo
Difusión ás familias	Familias	Na reunión xeral a comezo de curso informarase do proxecto e as accións nas que estarán implicadas as familias	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • Titores